

Castro de Bexo



Imaxe: Sendeiros de Dodro | Concello de Dodro

Castro de forma alongada con dúas coroas ao oeste, e outra ao leste, delimitadas por sendas murallas e terrazas intermedias. Intensificáronse tres murallas defensivas e as bases do asentamento.


Trátase dun poboado castrexo da Idade do Ferro e de época romana, sito xunto ao Monte Carboeiro, na aldea de Bexo, a unha altitude máxima de 272 metros. É un dos poboados máis grandes da zona, ocupando máis de 7.000 m², enlazando con dous outeiros graníticos, localizados no noroeste e sueste. O do noroeste é de maior tamaño, con forma case circular e uns 25 metros de diámetro. A elevación sueste constitúe un promontorio de non máis de 20 metros, abrupto e cuberto por derrube. A aparencia dos seus bloques, maiores que os do resto do poboado, e a escasa sedimentación sobre eles, fai pensar no seu uso como atalaia medieval. Este promontorio domina o Baixo Ulla, sendo visibles as Torres do Oeste.

Case non quedan á vista restos pétreos polo espolio de pedra que se fixo nel para construír casas en Bexo, Teairo, Burés e Vacariza; quedando, aínda hoxe en día, restos no castro do traballo das pedras polos canteiros. Moitas lendas falan do lugar. Unha relata o saqueo protagonizada polo mouro Almanzor, e outra indica a existencia dun pasadizo entre o castro e as Torres de Oeste, cunha cadea de ouro ao longo, para impedirle o paso ás hostes sarracenas. En ficha feita fai 25 anos pola Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño no

seu Inventario Etnográfico, fálase do Pozo do Ouro ou do Tesouro no Castro de Bexo: "...é unha cavidade redonda duns tres metros de diámetro cunhas pedras en forma de valo, unhas enriba das outras... Neste caso trátase de un pozo que o ir sacando ouro e pronunciar a palabra Xesús! desaparecía o encanto. Tamén din os veciños que alí había unha moza rubia que estaba peiteando seguido os seus longos cabelos de ouro". Sobre a Eira dos Mouros, conta a lenda que aquí non nacían nin toxos nin xestas debido ao sangue derramado polos mouros no combate co Apóstolo Santiago, do que se gardan as pegadas do seu cabalo nas pedras do lugar. Trátase dunha pequena croa circular duns 1000 metros cadrados que puido ser unha acrópole na Idade do Ferro, e logo na Idade Media.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arqueoloxía
CRONOLOXÍA	Idade do Ferro
CONCELLO	Dodro
PARROQUIA	San Xoán de laíño
REFERENCIAS	Sendeiros de Dodro Capítulo Cero Patrimonio Galego Historia de Galicia Historia de Galicia Cuadernos de Estudios Gallegos

XEOLOCALIZACIÓN	
COORDENADAS	Coordenadas: 42.700388609309 , -8.7510466053



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.